

ACTA Nº 3-2013

1ª SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL

- DIA 28/02/2013-

Marxe que se cita:

ASISTENTES

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as

asistentes:

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE).-

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP).-

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

Concelleiros ausentes:

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora:

Agueda Bello Valdés

Na Casa Consistorial de Rianxo na data sinalada ut supra ás **20:04 horas** reúnen os/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria sesión do Pleno Municipal, neste caso sesión ordinaria.

Constatada a presenza de membros en quórum suficiente para celebrar a sesión deste órgano, pola Presidencia declárase aberta a sesión e procédese a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

3º.- CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE RIANXO EN APLICACIÓN DO ARTIGO 38.4º DA LEI 30/1992.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE NOVOS FICHEIROS DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARACTER PERSOAL.

5º.- MODIFICACIÓN DOS LIMITES DE PRODUCTIVIDADE E FIXACIÓN DOS CRITERIOS DE REPARTO PARA O EXERCIZO 2013.-

6º.- MOCIONS DE URXENCIA.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Acta Nº 2 Sesión ordinaria do día 31/01/2013

O Presidente pregúntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

A concelleira Adelina Ces Quintans formula emenda de rectificación na moción 6.2 sobre a xestión ecolóxica e sustentable do lixo, posto que na súa intervención - páxina 15 da acta- non só manifestou que a apoiaban senón que ademais dixo: "...que sería unha completa campaña de reciclaxe mais aló do que fixo o goberno anterior".

A secretaria quere engadir que na relación de concelleiros asistentes figura que Ana Agrelo saiu ás 20.47 cando realmente foi a concelleira Ana Eitor, tal e como consta nese intre da acta.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada por unanimidade dos presentes, 15 dos 17 que legalmente conforman o pleno.

2- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/01/2013 ata o 31/01/2013 , que comprenden os números 01/2013 ao 28/2013, cuxa relación facilitouse via correo electrónico aos concelleiros.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 1 da Sesión ordinaria do día 01/01/2013
- Acta Nº 2 da Sesión ordinaria do día 22/01/2013

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE RIANXO EN APLICACIÓN DO ARTIGO 38.4º DA LEI 30/1992.

O Alcalde comenta a proposta que consta no expediente e facilitada aos concelleiros:

<<O 02/10/2012 (RXS nº 4398) esta Alcaldía solicitou a adscrición deste concello ao servizo de Portelo do que dispón a Deputación Provincial da Coruña.

O 04/02/2013 (RXE nº 764) recíbese unha circular relativa ao Portelo único emitida polo Presidente da D.P. no que sinala as vantaxes que supón para a presentación de escritos polos veciños de Rianxo dirixidos á entidade provincial así como no tocante á documentación municipal que a dita entidade proceda remitirse. Isto implica o compromiso do concello de efectuar o cotexo das copias que así se requira procedimentalmente. Asemade débese destacar que os prazos se contarían unha vez achegada esa documentación no rexistro municipal.

Tralo exame do texto do convenio recibido e estimándose de interese propónse ao pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Aprobar o Convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Rianxo en aplicación do artigo 38.4º da Lei 30/1992, estando facultado o Alcalde para asinalo en nome desta entidade.

Segundo: Comunicar este acordo á Deputación Provincial (Departamento de actas) para o seu coñecemento e publicación no BOP, cara a súa entrada en vigor dende esa data.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS, PARTICIPACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS INTERNOS do día 25/02/2013, sendo este favorable.

O Presidente antes de dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos, comenta que é unha proposta beneficiosa para os veciños por un custe mínimo.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, di que se remite ao que se comentou na Comisión Informativa de que habia aspectos sen determinar como o relativo aos custes que suporá e crédito como indica a Secretaria no seu informe, e como arbitrar o rexistro da documentación que se presente, xa que en principio o rexistro municipal esta para a dirixida a esta entidade. Remata apoiando a proposta pero sempre que se teña en conta o sinalado pola Secretaria.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D^a Jose Carlos Gey Hermo, di que subscriben a proposta xa que aínda que o concello asuma os custes de envío este é mínimo e sen embargo facilita as xestións aos cidadáns. Isto non quita que se teña en conta certos custes que den lugar a unha taxa via ordenanza fiscal unha vez estudada a súa evolución no emprego deste portelo.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que apoian a proposta. Como dixeran na Comisión Informativa ía haber custes pero realmente serán só os relativos á documentación que presenten os cidadáns posto que a documentación municipal que se estaba remitindo á Deputación Provincial xa se estaba asumindo polo concello, e en calquera caso, este sistema é positivo para os veciños.

O Alcalde dia que os custes son mínimos e hai outros concellos que dispoñen da xanela unica en funcionamento.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo APROBADA por unanimidade dos membros presentes (6 DO BNG, 5 do PP e 4 do PSdeG-PSOE) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE NOVOS FICHEIROS DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARACTER PERSOAL.

O Sr. Presidente parte da proposta que figura no expediente deste asunto:

<< Unha vez aprobado o Regulamento municipal de protección de datos de carácter persoal (BOP Nº 16, do 25/01/2011) en cumprimento do artigo 20 da lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e dado que este concello dispón de

various programas informáticos e bases de datos nos que se manexan datos de carácter persoal, ten a obriga, en cumprimento da lexislación citada, de aprobar a creación dos correspondentes ficheiros.

Este proceso vense desenvolvendo neste concello dende o ano 2011, estando aprobados, publicados no BOP e inscritos na Axencia Estatal de protección de datos varios ficheiros. Así a día de hoxe contase cos seguintes ficheiros municipais.

Sendo elaborados novos ficheiros polos departamentos municipais, esta Alcaldía, somete ao Pleno corporativo, unha vez se informen pola Comisión informativa correspondente, o seguinte

ACORDO:

Primeiro: Aprobar os seguintes ficheiros de protección de datos de carácter persoal que se achegan como anexos a esta proposta e que son:

- BIBLIOTECA MUNICIPAL
- DIFUSION DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS E CULTURAIS
- ACCIONS FORMATIVAS DE EDUCACIÓN E CULTURA
- ACCIONS FORMATIVAS DE XUVENTUDE
- CARNÉ XOVE
- ASESORAMENTO XUVENIL (OMIX)
- INSCRICIÓN EN ACTIVIDADES DEPORTIVAS
- SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS DEPORTIVAS
- ACCIONS FORMATIVAS DE INFORMÁTICA
- SERVIDORES E MANTEMENTO

Segundo: Asemade anular o seguinte ficheiro polo motivo que se indica:

Nome do Ficheiro	Motivo cancelación
NOMINAS pleno de aprobación 21/07/1994- BOP 31/07/1994	Aprobación novo ficheiro denominado NOMINAS E PERSOAL

Terceiro: Rectificar os seguintes ficheiros xa aprobados e publicados:

Nome do Ficheiro	Motivo rectificación
RECURSOS HUMANOS	Múdase o nome a NOMINAS E PERSOAL <ul style="list-style-type: none"> - No apartado relativo á finalidade engádese: Inclúe ás súas incidencias, nóminas e prevención de riscos laborais. - No apartado relativo a estrutura básica do ficheiro e tipo de datos engádese: fotografías, número de afiliación á S.S. Datos especialmente protexidos: violencia de xénero. - No apartado relativo ás cesións de datos inclúese: cesión a entidades bancarias ou financeiras.
AXENTES DE PROMOCIÓN ECONOMICA	Engádese: <ul style="list-style-type: none"> - no apartado relativo a estrutura básica e tipos de datos: Datos académicos e profesionais: formación, titulacións, experiencia profesional - no apartado relativo aos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición múdase para facerse ante o persoal do servizo de promoción económica
PARTICIPANTES EN ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DO EMPREGO	Engádese: <ul style="list-style-type: none"> - no apartado relativo á finalidade: Traballo e Benestar social. - no apartado relativo á estrutura básica e tipo de datos: firma, impresións dixitais,, fotografías, nº afiliación á S.s., Datos académicos e profesionais: formación, titulacións, experiencia profesional, pertenza a colexios ou colectivos profesionais.
PUNTO DE INFORMACION CATASTRAL	Engádese: <ul style="list-style-type: none"> - no apartado relativo a finalidade e usos: Acceso e rectificación de información catastral. - No apartado relativo ao nivel de protección: muda a medio.

Cuarto: Publíquense no BOP en cumprimento do estipulado no artigo 53.4 do Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e posteriormente inscríbense no Rexistro Xeral de Protección de datos os ficheiros aprobados no apartado primeiro segundo o estipulado no artigo 130 e seguintes do Rd. 1720/2007.-

Quinto: Comunicar aos departamentos afectados para a súa aplicación de conformidade coa Lei 15/99 lembrándolles que as persoas ás que se lles soliciten datos persoais serán informadas previamente de modo expreso, preciso e inequívoco, nos termos que dispón o artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, sen prexuízo dos supostos exceptuados na lei.

ANEXOS

NOME DO FICHEIRO: BIBLIOTECA MUNICIPAL

a) FINALIDADE E USOS PREVISTOS DO FICHEIRO:

Xestións dos usuarios da biblioteca municipal.

Educación e cultura (fomento e apoio a actividades educativas, artísticas e culturais)

b) PERSOAS OU COLECTIVOS SOBRE OS QUE SE PRETENDE OBTEN DATOS DE CARÁCTER PERSOAL OU QUE RESULTEN OBRIGADOS A SUBMINISTRALOS:

Cidadán e residentes. Asociados ou membros

c) PROCEDIMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS:

O propio interesado ou o seu representante legal mediante: Formularios

d) ESTRUCTURA BÁSICA DO FICHEIRO E TIPO DE DATOS:

Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/impresións dixitais, fotografía.
 Datos de características persoais: data de nacemento, idade, nacionalidade

e) CESIÓNS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E TRANSFERENCIAS DE DATOS A PAÍSES TERCEIROS:

A cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras Administracións Públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real Decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) ÓRGANO RESPONSABLE DO FICHEIRO:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Rianxo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualizarase polo persoal da Biblioteca municipal.

g) Dereitos de Acceso, Rectificación, Cancelación e Oposición:

O persoal da Biblioteca municipal será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) SISTEMA DE TRATAMENTO: Mixto

i) NIVEL DE PROTECCIÓN: As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico

NOME DO FICHEIRO: DIFUSIÓN DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS E CULTURAIS

a) FINALIDADE E USOS PREVISTOS DO FICHEIRO:

Difusión e fomento das actividades educativas e culturais organizadas polo Concello ou nas que este colabore.

Educación e cultura (fomento e apoio a actividades educativas, artísticas e culturais)

b) PERSOAS OU COLECTIVOS SOBRE OS QUE SE PRETENDE OBTEN DATOS DE CARÁCTER PERSOAL OU QUE RESULTEN OBRIGADOS A SUBMINISTRALOS:

Cidadáns e residentes. Asociados ou membros.

c) PROCEDIMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS:

O propio interesado ou o seu representante legal mediante: Formularios

d) ESTRUCTURA BÁSICA DO FICHEIRO E TIPO DE DATOS:

Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma.

e) CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E TRANSFERENCIAS DE DATOS A PAÍSES TERCEIROS:

A cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras Administracións Públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real Decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.

f) ÓRGANO RESPONSABLE DO FICHEIRO:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Rianxo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualizarase polo persoal da área de cultura.

g) DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN E OPOSICIÓN:

O persoal da área de cultura será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) SISTEMA DE TRATAMENTO: Mixto

i) NIVEL DE PROTECCIÓN: As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico

NOME DO FICHEIRO: ACCIONS FORMATIVAS DE EDUCACIÓN E CULTURA

a) FINALIDADE E USOS PREVISTOS DO FICHEIRO:

Xestión dos datos dos participantes en acción formativas do departamento de Educación e Cultura.

Usos: Educación e cultura

- b) PERSOAS OU COLECTIVOS SOBRE OS QUE SE PRETENDE OBTEN DATOS DE CARÁCTER PERSOAL OU QUE RESULTEN OBRIGADOS A SUBMINISTRALOS:

Cidadán e residentes. Asociados ou membros

- c) PROCEDEMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS:

O propio interesado ou o seu representante legal mediante: Formularios

- d) ESTRUCTURA BÁSICA DO FICHEIRO E TIPO DE DATOS:

Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/impresións dixitais, fotografía
Datos de características persoais: data de nacemento, lugar de nacemento, idade, nacionalidade. Datos académicos e profesionais: historial académico e profesional.

- e) CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E TRANSFERENCIAS DE DATOS A PAÍSES TERCEIROS:

Cesión de datos ás empresas cesionarias dos servizos.

A cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras Administracións Públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real Decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.

- f) ÓRGANO RESPONSABLE DO FICHEIRO:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Rianxo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservase e actualizase polo persoal da área de educación ou cultura.

- g) DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN E OPOSICIÓN:

O persoal da área de educación ou cultura será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

- h) SISTEMA DE TRATAMENTO: Mixto

- i) NIVEL DE PROTECCIÓN: As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico.

NOME DO FICHEIRO: ACCIONS FORMATIVAS DE XUVENTUDE
--

- a) FINALIDADE E USOS PREVISTOS DO FICHEIRO:

Xestión dos datos dos participantes en acción formativas para a xuventude.

Usos: xuventude.

- b) PERSOAS OU COLECTIVOS SOBRE OS QUE SE PRETENDE OBTEN DATOS DE CARÁCTER PERSOAL OU QUE RESULTEN OBRIGADOS A SUBMINISTRALOS:

Cidadán e residentes. Asociados ou membros, pais ou titores.

- c) PROCEDEMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS:

O propio interesado ou o seu representante legal mediante: Formularios e declaración oral

- d) ESTRUCTURA BÁSICA DO FICHEIRO E TIPO DE DATOS:

Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/impresións dixitais. Datos dos pais ou titores. Datos de características persoais: data de nacemento, lugar de nacemento, idade. Datos académicos e profesionais: historial académico e profesional.

- e) CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E TRANSFERENCIAS DE DATOS A PAÍSES TERCEIROS:

Cesión de datos ás empresas cesionarias dos servizos.

A cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras Administracións Públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real Decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.

f) **ÓRGANO RESPONSABLE DO FICHEIRO:**

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Rianxo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarse e actualizárase polo persoal da área de xuventude

g) **DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN E OPOSICIÓN:**

O persoal da área de xuventude será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) **SISTEMA DE TRATAMENTO:** Mixto

i) **NIVEL DE PROTECCIÓN:** As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico.

NOME DO FICHEIRO: CARNÉ XOVE

a) **FINALIDADE E USOS PREVISTOS DO FICHEIRO:**

Xestión dos datos dos solicitantes ou usuarios do carné xove.

Usos: xuventude.

b) **PERSOAS OU COLECTIVOS SOBRE OS QUE SE PRETENDE OBTEN DATOS DE CARÁCTER PERSOAL OU QUE RESULTEN OBRIGADOS A SUBMINISTRALOS:**

Cidadán e residentes. Asociados ou membros, pais ou titores.

c) **PROCEDIMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS:**

O propio interesado ou o seu representante legal mediante: Formularios e declaración oral

d) **ESTRUTURA BÁSICA DO FICHEIRO E TIPO DE DATOS:**

Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/impresións dixitais. Datos dos pais ou titores. Datos de características persoais: data de nacemento, lugar de nacemento, idade. Datos académicos e profesionais: historial académico e profesional.

e) **CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E TRANSFERENCIAS DE DATOS A PAÍSES TERCEIROS:**

A cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras Administracións Públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real Decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) **ÓRGANO RESPONSABLE DO FICHEIRO:**

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Rianxo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarse e actualizárase polo persoal da área de xuventude.

g) **DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN E OPOSICIÓN:**

O persoal da área de xuventude será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) **SISTEMA DE TRATAMENTO:** Mixto

i) **NIVEL DE PROTECCIÓN:** As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico.

NOME DO FICHEIRO: ASESORAMENTO XUVENIL (OMIX)

a) **FINALIDADE E USOS PREVISTOS DO FICHEIRO:**

Axudar, asesorar e tramitar todo o que demanden os usuarios, relacionado con becas, solicitude de participación nos programas de participación da Galicia e outros relativos a entidades públicas ou privadas.

Usos: xuventude.

b) **PERSOAS OU COLECTIVOS SOBRE OS QUE SE PRETENDE OBTEN DATOS DE CARÁCTER PERSOAL OU QUE RESULTEN OBRIGADOS A SUBMINISTRALOS:**

Cidadán e residentes. Asociados ou membros, pais ou titores.

c) **PROCEDIMIENTO DE RECOLLIDA DE DATOS:**

O propio interesado ou o seu representante legal mediante: Formularios e declaración oral

d) **ESTRUTURA BÁSICA DO FICHEIRO E TIPO DE DATOS:**

Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/impresións dixitais. Datos dos pais ou titores. Datos de características persoais: data de nacemento, lugar de nacemento, idade. Datos académicos e profesionais: historial académico e profesional. Datos económicos-financeiros: ingresos e rentas, datos bancarios. Outros datos especialmente protexidos: saúde (recadados con consentimento expreso do afectado). Porcentaxe de discapacidade.

e) **CESIÓNS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E TRANSFERENCIAS DE DATOS A PAÍSES TERCEIROS:**

A cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras Administracións Públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real Decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) **ÓRGANO RESPONSABLE DO FICHEIRO:**

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Rianxo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservase e actualízase polo persoal da área de xuventude

g) **DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN E OPOSICIÓN:**

O persoal da área de xuventude será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) **SISTEMA DE TRATAMENTO:** Mixto

i) **NIVEL DE PROTECCIÓN:** As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter alto.

NOME DO FICHEIRO: INSCRICIÓN EN ACTIVIDADES DEPORTIVAS

a) **FINALIDADE E USOS PREVISTOS DO FICHEIRO:**

Inscripcións de actividades deportivas (campamentos de verán, actividades deportivas en xeral,....)

Usos: Deportes

b) **PERSOAS OU COLECTIVOS SOBRE OS QUE SE PRETENDE OBTEN DATOS DE CARÁCTER PERSOAL OU QUE RESULTEN OBRIGADOS A SUBMINISTRALOS:**

Solicitantes e beneficiarios. Representantes legais, pais e titores.

c) **PROCEDIMIENTO DE RECOLLIDA DE DATOS:**

O propio interesado ou o seu representante legal mediante: Enquisas, declaración oral, formularios, transmisión electrónica, ...

d) **ESTRUTURA BÁSICA DO FICHEIRO E TIPO DE DATOS:**

Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/ impresións dixitais, fotografías. Outros datos especialmente protexidos: saúde (recadados con consentimento expreso do afectado) Datos de características persoais: estado civil, familia, data e lugar de nacemento, idade, sexo, nacionalidade.

e) **CESIÓNS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E TRANSFERENCIAS DE DATOS A PAÍSES TERCEIROS:**

Organizacións relacionadas directamente co responsable, asociacións, etc (existe consentimento dos afectados). Organismos da Seguridade Social, outros órganos da Administración do Estado, Asociacións e Organizacións sen ánimo de lucro, bancos, caixas de aforro e caixas rurais.

Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.

A cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras Administracións Públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real Decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) ÓRGANO RESPONSABLE DO FICHEIRO:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Rianxo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarse e actualizárase polo persoal da área de deportes.

g) DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN E OPOSICIÓN:

O persoal da área de deportes será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) SISTEMA DE TRATAMENTO: Mixto

i) NIVEL DE PROTECCIÓN: As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter alto.

NOME DO FICHEIRO: SUBVENCIONS MUNICIPAIS DEPORTIVAS

a) FINALIDADE E USOS PREVISTOS DO FICHEIRO:

Adquirir financiación pública para determinadas actividades deportivas.

Usos: Deportes

b) PERSOAS OU COLECTIVOS SOBRE OS QUE SE PRETENDE OBTEN DATOS DE CARÁCTER PERSOAL OU QUE RESULTEN OBRIGADOS A SUBMINISTRALOS:

Solicitantes e beneficiarios (asociados ou membros, representantes legais). Clubes deportivos.

c) PROCEDIMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS:

O propio interesado ou o seu representante legal mediante: Enquisas, declaración oral, formularios, transmisión electrónica, ...

d) ESTRUTURA BÁSICA DO FICHEIRO E TIPO DE DATOS:

Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/ impresións dixitais, fotografías. Outros datos especialmente protexidos: saúde (recadados con consentimento expreso do afectado). Datos de académicos e profesionais: formación, titulación, experiencia profesional.

e) CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E TRANSFERENCIAS DE DATOS A PAÍSES TERCEIROS:

Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.

A cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras Administracións Públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real Decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) ÓRGANO RESPONSABLE DO FICHEIRO:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Rianxo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarse e actualizárase polo persoal da área de deportes.

g) DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN E OPOSICIÓN:

O persoal da área de deportes será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) SISTEMA DE TRATAMENTO: Mixto

i) NIVEL DE PROTECCIÓN: As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter alto.

NOME DO FICHEIRO: ACCIONS FORMATIVAS DE INFORMÁTICA

a) FINALIDADE E USOS PREVISTOS DO FICHEIRO:

Xestión da formación e dos alumnos/profesores/titores das AF de informática.

Usos: Informática.

b) PERSOAS OU COLECTIVOS SOBRE OS QUE SE PRETENDE OBTEN DATOS DE CARÁCTER PERSOAL OU QUE RESULTEN OBRIGADOS A SUBMINISTRALOS:

Empregados como titores ou profesores. Alumnos, solicitantes.

c) **PROCEDIMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS:**

O propio interesado ou o seu representante legal mediante formularios, transmisión electrónica, declaración oral.

d) **ESTRUCTURA básica do ficheiro e tipo de datos:**

Datos identificativos: NIF, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/impresións dixitais. Datos de características persoais: estado civil, idade, sexo, nacionalidade, lingua materna. Datos académicos e profesionais: formación, titulacións, historial de estudante, experiencia profesional, pertenza a asociacións ou colexios profesionais.

e) **CESIÓNS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E TRANSFERENCIAS DE DATOS A PAÍSES TERCEIROS:**

Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras Administracións Públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real Decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) **ÓRGANO RESPONSABLE DO FICHEIRO:**

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Rianxo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarse e actualizarse polo persoal técnico do Servizo de Informática.

g) **DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN E OPOSICIÓN:**

O persoal técnico do Servizo de Informática será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) **SISTEMA DE TRATAMENTO:** Mixto

i) **NIVEL DE PROTECCIÓN:** As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico.

NOME DO FICHEIRO: SERVIDORES E MANTEMENTO

j) **FINALIDADE E USOS PREVISTOS DO FICHEIRO:**

Control do bo funcionamento das comunicacións electrónicas dentro do concello, facilitar na medida do posible a información acerca das novas tecnoloxías, para mellorar o traballo diario.

Usos: Informática e mantemento dos servidores.

k) **PERSOAS OU COLECTIVOS SOBRE OS QUE SE PRETENDE OBTEN DATOS DE CARÁCTER PERSOAL OU QUE RESULTEN OBRIGADOS A SUBMINISTRALOS:**

Datos que manexan empregados e cargos públicos.

l) **PROCEDIMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS:**

Bases de datos, copias de seguridade.

m) **ESTRUTURA BÁSICA DO FICHEIRO E TIPO DE DATOS:**

Datos identificativos: Nome e apelidos, contrasinales identificativos.

n) **CESIÓNS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E TRANSFERENCIAS DE DATOS A PAÍSES TERCEIROS:**

Non existen cesións de datos, excepto ó responsable de seguridade.

Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.

o) **ÓRGANO RESPONSABLE DO FICHEIRO:**

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Rianxo, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarse e actualizarse polo persoal do Servizo de Informática.

p) **Dereitos de Acceso, Rectificación, Cancelación e Oposición:**

O persoal do Servizo de Informática será perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

q) SISTEMA DE TRATAMENTO: mixto.

r) NIVEL DE PROTECCIÓN: As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS, PARTICIPACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS INTERNOS do día 25/02/2013, sendo este favorable.

O Presidente da a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular , D^a Vanesa Martinez Duran, di que na mesma liña que veñen adoptando neste tema se van a abster.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D^a Jose Carlos Gey Hermo, di que a proposta ven a completar a labor que se comezou co regulamento municipal e a relación de ficheiros aprobados noutras sesións plenarias e posteriormente publicados para a súa inscrición na Axencia de Protección de Datos, en cumprimento da normativa reguladora. En consecuencia, van a aprobar a proposta.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que respaldan a proposta.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e con 10 votos a favor (os dos 6 membros do grupo municipal do BNG e os dos 4 membros do grupo municipal do PSDdeG-PSOE), e 5 abstencións (dos 5 membros do PP) e cero votos en contra, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-

5.- MODIFICACIÓN DOS LIMITES DE PRODUCTIVIDADE E FIXACIÓN DOS CRITERIOS DE REPARTO PARA O EXERCIZO 2013.-

O Alcalde expón a proposta que figura no expediente:

<<Proponse normalizar de forma racional e obxectiva a xestión dos recursos económicos dispoñibles en cada anualidade en orden a estimular e premiar o esmero e eficacia no traballo, a eficiencia dos resultados e a maiores a mellor calidade no servizo publico prestado, con independencia do posto ou praza que ostenten os empregados públicos na estrutura administrativa do Concello de Rianxo, alentando ao propio tempo a puntualidade, permanencia e presenza efectiva de estes postos de traballo, fomentando o interese e a implicación na xestión publica e desincentivando o absentismo, os comportamento inhibitorios e apáticos e , en definitiva, erradicando a praxis administrativa lenta.

Sendo que de acordo co artigo 6.1 do Real Decreto 861/1986 de 25 de abril, polo que se establecen o réxime de retribucións dos funcionarios de administración local corresponde ao Pleno de cada corporación determinar no orzamento a contía global destinada á asignación de gratificacións.

Quere proporse ao Pleno da Corporación o incremento da contía global de 0 € a 51.273,97 €.

Para financiar este incremento nas aplicacións orzamentarias que correspondan procederíase a transferencia de crédito dende as aplicacións orzamentarias que de seguido se indican, con expresión do importe que corresponden a prazas vacantes , razón esta pola que son reducibles sen menoscabo do correspondente servizo.

1.- Correspondente a retribucións da praza de arquitecto (nº 18 do anexo persoal orzamento 2012).

Concepto	Aplicación orzamentaria	Importe que se reduce
Básicas	150/120.00	16.923,10 €
Complemento destino	150/121.00	8.378,40 €
Complemento específico	150/121.01	4.246,93 €
TOTAL		29.548,43

2.- correspondente a retribucións da praza de oficial vacante.

Concepto	Aplicación orzamentaria	Importe que se reduce
Básicas	132/120.00	10.869,86 €
Complemento destino	132/121.00	4.737,48 €
Complemento específico	132/121.01	6.118,20 €
TOTAL		21,725,54

3.- As partidas as que se transfieren os créditos destinados a produtividade son as seguintes:

a) correspondente a persoal laboral:

Partida	Importe
132.150.00	1.657,10
152.150.00	1027,82
164.150.00	279,71
231.150.00	4768,56
241.150.00	1378,08
312.150.00	832,26
321.150.00	1.849,73
323.150.00	488,29
330.150.00	3146,87
340.150.00	3611,36
432.150.00	586,32
453.150.00	8897,46
920.150.00	3560,6
934.150.00	2.026,26
232.150.00	711,065
	34.821,49

b) correspondente a persoal funcionario:

Partida	Importe
132.150.00	7.375,79
321.150.00	1.483,95
150.150.00	2.906,07
163.150.00	487,36
934.150.00	4.199,32
Total	16.452,19

Vista a fiscalización pola Intervención municipal propónse a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: elevar contía global destinada á asignación de complemento de produtividade en 51.273,97. segundo o seguinte desglose

a) correspondente a persoal laboral:

Partida	Importe
132.150.00	1.657,10
152.150.00	1027,82
164.150.00	279,71
231.150.00	4768,56
241.150.00	1378,08
312.150.00	832,26
321.150.00	1.849,73
323.150.00	488,29
330.150.00	3146,87
340.150.00	3611,36
432.150.00	586,32
453.150.00	8897,46
920.150.00	3560,6
934.150.00	2.026,26
232.150.00	711,065
	34.821,49

b) correspondente a persoal funcionario:

Partida	Importe
132.150.00	7.375,79
321.150.00	1.483,95
150.150.00	2.906,07
163.150.00	487,36
934.150.00	4.199,32
Total	16.452,19

Segundo.- Fixar os criterios baixo os que serán distribuídos os créditos destinados a produtividade do presente acordo :

1.- Productividad por obxectivos.- Este concepto de produtividade abonarase pola presenza no posto de traballo en xornada completa e polo cumprimento dos obxectivos marcados. Descontarase pola falta do cumprimento dos obxectivos marcados, en todos os casos, cas excepcións de: asuntos propios, permisos por causas tasadas, horas acumuladas, enfermidades graves con hospitalización e accidente laboral. O período correspondente a avaliación deste criterio de produtividade será o primeiro trimestre do exercicio 2.013.

O importe non satisfeito por incumprimento dos obxectivos destinarase a unha bolsa de distribución aos funcionarios e laborais de carácter permanente do Concello. As cuantías fixadas para este concepto serán as fixadas no anexo I deste acordo para todos os empregados segundo a categoría ou grupo profesional que teña o posto de traballo que desempeñan. A ponderación das cuantías farase en función dos criterios propios de cada xefe de Departamento, con tres niveis de cumprimento e implicación:

- Cumplimento de obxectivos: abono do 100% da cantidade fixada
- Cumplimento parcial de obxectivos: Desconto de ata o 50% da cantidade fixada
- Incumprimento de obxectivos: Desconto do 100% da cantidade fixada.

2.- Productividad por tarefas propias de postos de traballo de superior categoría: Destinada a retribuír aos empregados públicos cuxos postos de traballo impliquen o desenvolvemento de tarefas de superior categoría, demandadas polo propio servizo. Sería desexable que o empregado público que ocupe o posto teña a titulación académica correspondente ao grupo en que se integre o posto de traballo de superior categoría, a súa duración temporal non pode ser superior a 6 meses. A súa cuantía coincidiría cas cantidades

recollidas no anexo I segundo a ponderación feita en cada caso baixo o criterio obxectivo do xefe do departamento correspondente.

3.- Productividade por tarefas especiais: Destinada a retribuír a execución de traballos puntuais, excepcionais, concretos, específicos, esporádicos e non habituais, perfectamente definidos e delimitados no seu contido, resultado, obxectivo e tempo de realización. A súa duración temporal non poderá ser superior a dous meses para o período dun ano e levarase a cabo en xornada de tarde, con un máximo de 20 horas mensuais. A súa cuantía será a cantidades fixadas no anexo I ponderadas en función do criterio do xefe de departamento, coordinador ou encargado do departamento correspondente.

ANEXO I

grupo	Tareas puesto superior	cumprimento de obxectivos	Productividade por tarefas especiais	maxima
A1	- €	1.542,38 €	- €	1.542,38 €
A2	550,00 €	242,38 €	550,00 €	1.342,38 €
B	500,00 €	242,38 €	500,00 €	1.242,38 €
C1	450,00 €	242,38 €	450,00 €	1.142,38 €
C2	400,00 €	242,38 €	400,00 €	1.042,38 €
Agrupacións profesionais	350,00 €	242,38 €	350,00 €	942,38 €

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 25/02/2013, sendo este favorable.

Engade o Alcalde que neste momento onde hai impedimento legal ou limitación para cubrir as prazas e necesidades de persoal, e por outra banda redúcense os soldos do personal das administracións, cando este persoal esta a afrontar esas deficiencias con maior dedicación, eficiencia e axilidade cómpre establecer uns criterios que de xeito obxectivo permitan premiar dita labor.

O Presidente da a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular D^a Vanesa Martínez Duran, di que, por suposto, están a favor.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D. Jose Carlos Gey Hermo, di que están de acordo tendo en conta que non supón máis gasto xa que se dispón do crédito non empregado dos postos vacantes indicados e que non se van poder cubrir neste tempo. Resalta que incluso hai persoas que están efectuando neste tempo traballos nalgún caos de superior categoría e, en xeral estase a cubrir as eivas na organización municipal por causa da imposibilidade de dar cobertura as prazas vacantes ou contratar novo persoal. Así que, a pesar da situación de recortes, e visto que é un esforzo a premiar están a favor.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que van a aprobar a proposta.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo APROBADA por unanimidade dos membros presentes (6 DO BNG, 5 do PP e 4 do PSdeG-PSOE) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

6.- MOCIONS DE URXENCIA

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

A Presidencia pregunta se hai mocións.

Procédese coas que se consideran a tratar polos diferentes grupos.

6.1.- MOCION DO BNG PARA A DERROGACIÓN DAS TAXAS XUDICIAIS. (RXE nº 1234, do 26/02/2013).-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Presidente pásalle a palabra á concelleira Adelina Ces Quintans que xustifica a urxencia no carácter desproporcionado das taxas establecidas e contrarias ao principio de igualdade e a súa incidencia.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** cos votos a favor total de 15 concelleiros dos 17 que legalmente constitúen a corporación, por tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A concelleira Adelina Ces Quintáns lee a proposta:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de decembro de 2012 entraron en vigor as taxas xudiciais, logo de aprobárense os formularios de aplicación da Lei 10/2012, do 20 de novembro. Dita Lei grava a interposición de demandas en toda clase de procesos nos ámbitos civil e contencioso - administrativo, ademais dos recursos no eido social, con contías desproporcionadas, cuxos incrementos oscilan entre os 50 e os 750 euros, que incluso poden verse aumentadas en función da contía do preito xudicial.

As novas taxas xudiciais foron rexeitadas por unha ampla representación do sector xurídico, tanto profesionais como funcionarios e funcionarias da administración de xustiza, así como asociacións de consumidores e consumidoras, sindicatos e asociacións e colectivos de toda índole. Desde a súa entrada en vigor, sucedéronse as protestas de practicamente todo o colectivo que presta os seus servizos na administración de xustiza, polas dificultades que engade no acceso da cidadanía a dito servizo público, sen que leven aparelladas outras reformas necesarias para mellorar a súa eficacia.

A Corporación municipal debe defender o acceso de todos os seus veciños e veciñas a un servizo público esencial, como é a xustiza, ao comprobarse que transcorridos apenas dous meses desde a entrada en vigor das taxas xudiciais universais, o sistema xudicial volve a ter unha barreira de acceso que vulnera o principio de igualdade. De feito, o descenso de asuntos nos xulgados é acusado, como comeza a desprenderse das estatísticas xudiciais.

Coas taxas xudiciais en vigor, a solicitude de tutela xudicial pola cidadanía queda condicionada pola súa condición económica ou posición social, dado que as taxas xudiciais non se calcularon en función do nivel de renda, nin moito menos cunha formulación equitativa e redistributiva.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza para que demande do Goberno do Estado a derogación da Lei 10/2012, que regula determinadas taxas no ámbito da administración de xustiza.
2. Dar traslado do presente acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e Ministro de Xustiza.>>

A voceira do grupo municipal Partido Popular D^a Vanesa Martínez Durán, a reforma na lei de taxas busca a eficacia e a racionalización do servizo, reducir a litixiosidade abusiva, garantir unha resposta áxil e de máxima calidade e todo elo baixo pautas de responsabilidade social, xa que esta revisión das taxas servirá para financiar a xustiza gratuítas.

O Voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlo Gey Hermo, expresa o apoio á moción. Neste tema o PSOE ten presentado emendas nas Cortes xa que é contrario ao principio de igualdade ante a xustiza posto que virá determinado polos recursos económicos dos que dispoña o interesado. Enfatiza a existencia, por poñer un exemplo, dunhas dúascentas mil queixas de consumidores unicamente no tema das telefonías, así que de ser unha demanda por importe inferior a 2.000€ as taxas que se deben abonar son desproporcionadas e suporán o desánimo e “maltrato” cara a que os consumidores poidan enfrentarse aos abusos das compañías ou erros destas. Así o PP está visto que en menos dun ano acadaron que diversos colectivos se uniran en contra das medidas que están a adoptar. Algúns colectivos tan chamativos como os propios xuíces, que saíron a rúa cos avogados e fiscais e persoal da Administración de Xustiza por unhas taxas que impiden de facto a realización do principio de igualdade. Chegárase a este paso a situación que acontece en países como EEUU onde a última solución que queda é o cárcere que está chea de xente que por poucos medios económicos non puideron ter un xuízo xusto, e un sistema penitenciario xestionado con empresas privadas facendo así todo un negocio.

A voceira do grupo do PP pide turno de réplica para contestar ao voceiro do PSdeG-PSOE lembrándolle que xa está garantido o acceso á xustiza gratuítas, polo tanto é falso o dito, e installe a que se la o artigo 4.2 da lei que di: *“Desde el punto de vista subjetivo, están, en todo caso, exentos de esta tasa: a) Las personas a las que se les haya reconocido el derecho a la asistencia jurídica gratuita, acreditando que cumplen los requisitos para ello de acuerdo con su normativa reguladora”*. Ademais, engade, o PSOE non é o máis indicado para falar xa que cando a lei di que “as taxas estenderáanse” é porque as taxas xudiciais xa existían (por exemplo no ano 2011 o Estado recaudou por esta vía 165 millóns de euros) e o PSOE non só non derogou o sistema de taxas reintroducido en 2002, senón que o complementou con novas vías económicas e máis limitacións para a segunda instancia:

- Suprimindo o recurso de apelación en xuízos verbais de contía inferior aos 3.000 €.
- Introducendo unha nova vía de recadación, o chamado depósito obrigatorio para recorrer.
- Elevando outros umbrais económicos, como o de acceso aos recursos de casación perante o Supremo.

E cómpre ter en conta que a taxa será reintegrable, é decir, no caso de sentenza favorable a taxa será devolta. Por tanto será o litigante ao que a xustiza non lle dea a razón quen finalmente pagará a taxa, incluída na taxación en costas.

Carlos Gey insiste en que esta lei aprobouse así no Consello de Ministros tras as protestas dos colectivos e dos cidadáns, e de que a xente saíra a rúa, inclusive os propios xuíces que semellan ás veces tan lonxe da xente da pé. O que está claro é o afán recadatorio do Ministro de Xustiza, o Sr. Gallardón, e a limitación perigosa que isto supón no acceso á xustiza e por ende, no establecemento dunha política capitalista nefasta por parte do PP, que pretende facer cual cabalo de Atila, na procura de que a xente non proteste.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que case que non paga a pena intervir: vese na rúa, se están a perder dereitos sociais, na educación, na sanidade e agora tamén na xustiza. A xente está descontenta e non se ve representada polos políticos e espera que se reflexione e se mude o sistema adoptado. Van a aprobar a proposta.

O Alcalde di que a derogación é necesaria para que o acceso sexa universal e calquera que teña problemas laborais, sancionadores, civís...poda obter o recurso da xustiza. A lei nace eivada e cunha problemática inherente que levou ata os xuíces á rúa, benvidos sexan mais preto da cidadanía, considerando a lonxanía que as veces amosan ou falta de sensibilidade.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e con 10 votos a favor (os dos 6 membros do grupo municipal do BNG e os dos 4 membros do grupo municipal do PSDdeG-PSOE), e 5 votos en contra (dos 5 membros do PP) e cero abstencións, dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-

Abandona o salón de plenos a concelleira Ana Eitor ás 20:40.

6.2.- MOCION DE ADHESIÓN AO ACORDO DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS SOBRE A NECESIDADE DE COMPLETAR O NUDO DA AP-9 EN CARRACEDO.

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Presidente trae ao Pleno a moción que se recibe do Concello de Caldas de Reis e que considera de urxencia para acadar o punto de enlace coa AP-9.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** cos votos a favor total de 14 concelleiros dos 17 que legalmente constitúen a corporación, por tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

O Alcalde da lectura ao texto da moción:

<<O concelleiro de ICdR defende a moción que se transcribe a continuación:

Recentemente o Ministerio de Fomento anunciou a sinatura dun protocolo con Audasa para a millora da autoestrada do Atlántico AP-9, mediante a cal se trata de adaptar esta infraestrutura ás futuras demandas de transporte e ás necesidades dos usuarios -adxúntase copia completa da nota do Ministerio-.

Deste protocolo anúnciase que partirán un convenio para o desenrolo dunha serie de obras, entre estas está completar o enlace da AP-9 coa N-550 en Vilaboa (Figueirido).

O noso Partido leva demandando dende o seu nacemento que se complete o nudo da AP-9 no lugar de Carracedo ca estrada provincia EP 8001 Caldas-Catoira que foi reparada recentemente e que se anunciou que tiña unha intensidade media de 4.000 vehículos ó día (15% tráfico pesado), esta estrada é moi importante posto que é a principal vía de comunicación (ponte de Catoira) entre as beiras norte e sur da ría de Arousa e que ademais se podería utilizar como vía alternativa o paso polo casco urbán de Caldas de Reis para o tráfico que da N-550 queira dirixirse a Vilagarcía de Arousa, posto que seguimos sin dispor da demanda variante Oeste no noso Pobo (Tibo-Saiar).

Tras o anuncio das obras que o Ministerio quería incluír neste convenio a nosa sorpresa foi máxima, posto que esta é unha demanda lexítima, xustificada e que ven de longo, que ademais apenas conleva investimento posto que a praia e o peaxe xa foron diseados para ser algún día completo, cousa que non ocorre no nudo de Vilaboa que conleva un investimento moito mais importante e que en cambio si está no protocolo, e ademais porque recentemente, e co motivo do anuncio da contratación das obras de millora da vía provincial antes mencionada podemos leer na prensa: *"Na xuntanza que hoxe manterá coa Ministra de Fomento, Louzán demandarálle a conexión desta estrada coa AP-9 en dirección Santiago pois na actualidade só se conecta coa autoestrada en dirección Vigo-Pontevedra"*.

Trátase pois dunha obra que nos coidamos prioritaria e que de non ser incluído neste convenio que se está diseadando non se executará nas vindeiras décadas.

Por todo o exposto, propón para o seu tratamento no próximo Pleno Ordinario, a seguinte **MOCIÓN**

Se solicita do Pleno que:

- Se inste ao Ministerio de Fomento, mediante o envío do presente acordo plenario, para que se inclúa no futuro convenio de execución de obras na AP-9 que se asinará con Audasa fruto do protocolo xa asinado, completar o enlace da AP-9 coa EP-8001 no lugar de Carracedo de maneira que o tráfico Caldas-Coruña e Coruña-Caldas poidan utilizar este enlace (actualmente só se pode utilizar Caldas-Vigo e Vigo-Caldas).
- Se inste á Deputación de Pontevedra, mediante o envío do presente acordo plenario, na súa condición de titular da vía EP-8001, para que vele porque esta ampliación sexa incluída nese paquete de obras que se pretenden incluír no convenio.
- Se de traslado desta petición, mediante o envío do presente acordo plenario, a Audasa e ós Concellos que se poden considerar máis beneficiados por completar este enlace da AP-9, especialmente Catoira e os Concellos da beira norte da ría de Arousa (Boiro, Rianxo, Ribeira, A Pobra do Caramiñal, etc), para que secunden esta lexítima petición, polas vías que eles consideraran máis oportunas.

A voceira do grupo municipal Partido Popular D^a Vanesa Martínez Duran, amos ao seu acordo.

O Voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlo Gey Hermo, tamén expresa o seu apoio posto que é beneficioso para esta zona.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que a aproban.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por unanimidade dos membros presentes (6 DO BNG, 4 do PP e 4 do PSdeG-PSOE) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

7. ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:40 minutos, de orde da Presidencia, ábrese a sesión a ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 20: 41 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo F. Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo